



URBANISMO:

Un non-lugar da periferia coruñesa, no que desemboca unha autovía de 600km, na parte industrial e máis dinámica do entorno. O punto que concentra os maiores problemas e potencialidades . O desexo de intervir para mellorar o espazo público. O respecto polo carácter do sitio e polos seus cidadáns. O deseño dun parque, non só de bombeiros.



A FORMA

A forma con orixe no propio lugar, da súa linguaxe e do seu carácter, saír do sitio para voltar afundirse nel.

A reflexión sobre cada decisión, replantexarse cada elemento. Debuxar e redebuxar, ata atopar o xeito; sen ideas preconcebidas nin obxectivos marcados: experimentación, pois o usual non ten porqué ser sempre o recomendable.

Un edificio que exprese toda a tensión, fugacidade, aceleración, velocidade dun parque de bombeiros.

A invitación a percorrelo, a sentilo e vivilo. A expresividade da curva, as sensacións, a luz e as sombras, o paso do tempo.

